



NOTA DE PRENSA

GALICIA FÓRUM GASTRONÓMICO XA CONTA CO 70% DO ESPAZO VENDIDO

Recoñecidas empresas do sector estarán presentes na próxima edición, que se celebrará do 7 ao 9 de abril en ExpoCoruña

Grandes chefs como a brasileira Janaina Torres, o portugués David Yarnóz ou a galega Lucía Freitas xa confirmaron a súa participación

A Coruña, 8 de febreiro. A comercialización do espazo feiral de Galicia Fórum Gastronómico avanza a moi bo ritmo, xa que conta co 70% do espazo vendido. A próxima edición, que se celebrará os días 7, 8 e 9 de abril en ExpoCoruña, manterá o gran espazo feiral no que estarán presentes algunhas das grandes empresas do sector *foodservice* xunto con outras máis pequenas, posto que o Fórum sempre optou por dar cabida a todas elas.

Ditas empresas dan a coñecer os seus produtos e servizos ao público profesional que visita o Fórum e ademais teñen a oportunidade de captar potenciais clientes, fidelizar aos consumidores e gañar visibilidade. E é que o espazo feiral converteuse no escaparate ideal para todos aqueles que queren formar parte do punto de encontro do sector *foodservice*.

Entre as que xa confirmaron a súa presenza podemos destacar Estrella Galicia, Cash Record, Chef Works, Sammic, Consellería do Mar, Gresilva, Repagás, Fornos FM, Covigan, Gadisa, Makro, Novas y Mar, Cocina y Lava, Artesa Despensa Atlántica, Arte en la Mesa, Unox, Carnicum, Augaplust, Bonilla a la Vista ou a Denominación de Orixe Estepa, entre moitas outras.

Ademais, Galicia Fórum Gastronómico ofrece aos expositores a opción de manter reunións comerciais con compradores e tamén de poder realizar actividades como catas de produto ou presentacións no Ágora ou nas súas propias casetas.



A Coruña

7_9 ABRIL DE 2024

EXPOCORUÑA #GASTROXPLOSIÓN!
www.galiciaforumgastronomico.com



E como sempre, o evento contará cun excelente programa de actividades -que terá a despensa atlántica como eixo temático- no que actuarán en directo os cociñeiros e cociñeiras máis prestixiosos do panorama actual e tamén novas promesas da cociña.

Entre os relatores que participarán nesta edición podemos mencionar aos Estrella Michelin Lucía Freitas (Lucía Freitas*, Santiago de Compostela), David Yarnóz (Muíño de Urdániz** e * Verde, Urdániz, Navarra) ou Janaina Torres (A casa do porco, São Paulo, Mellor Chef America Látina The World's 50 Best) que xa confirmaron a súa participación, xunto a moitos máis que desvelaremos en breve.

A pasada edición de 2022, Galicia Fórum Gastronómico recibiu 22.000 visitantes ao longo das tres xornadas, nas que participaron 65 relatores,e contou con máis de 200 expositores.

Para máis información:

Nati Palomo
660 59 31 22
nati.palomo@galiciaforumgastronomico.com

Ana Iglesias
609 27 23 46
ana.iglesias@galiciaforumgastronomico.com



EXPOCORUÑA #GASTROXPLOSIÓN!
www.galiciaforumgastronomico.com